



Survey government local

Consulta ás Administracións Locais



Como se fixo e quenes participaron?

1ª Rolda

- Validar conceptos Symbios.
- Identificar iniciativas.
- Elaborar recomendacións para mellorar a prestación de servizos.

120 persoas
participantes


Novembro-Decembro 2014

2ª Rolda

- Priorizar as recomendacións

178 persoas
participantes

Marzo-Abril 2015



Distribución heteroxénea dos
participantes a nivel territorial

Entidades de:

165 de 314 concellos
50 de 53 comarcas

Tipos de iniciativas identificadas

1. Accesibilidade dos servizos

5. Fomento do uso das TIC's

2. Personalización dos servizos

6. Participación cidadá

3. Organización e dotación dos servizos

Territorios inclusivos, intelixentes e sustentables

7. Xestión da idade

4. Creación e mellora de redes

8. Fomento da agricultura social

9. Reforzo da base comunitaria

Elementos das iniciativas

1. Accesibilidade dos servizos

- Prestación de servizos no lugar de residencia.
- Facilitar o desprazamento aos núcleos.

2. Personalización dos servizos

- Xestión integral de servizos de empregabilidade e formación no concello.
- Facilitar recursos técnicos específicos a través de prestamo gratuito.

3. Organización e dotación dos servizos

- Xestión mancomunada de recursos para o emprego.
- Dotación de servizos específicos ás parroquias para fixar poboación.

4. Creación de redes

- Coordinación dos departamentos coas entidades para a prestación de servizos.
- Posta en común dos recursos para a prestación de servizos.

Elementos das iniciativas

5. Fomento do uso das TIC's

- Mellora infraestruturas e equipamentos
- Aumentar capacidades da poboación.

6. Participación cidadá

- Escolas de participación cidadá.
- Orzamentos participativos.

7. Xestión da idade

- Envellecemento activo.
- Voluntariado senior e intercambio.

8. Fomento da agricultura social

- Facilitar coñecemento e terreos para a súa posta en práctica.
- Promoción entre xente nova e mulleres. Rede de mercados locais. Labores de formación a produtores e poboación.

9. Reforzo da base comunitaria

- Participación das persoas en actividades de promoción da autonomía persoal e prevención da dependencia
- Descentralización das actividades de ocio e lecer.
- Fomento do diálogo interxeracional a través dos propios intereses da poboación.

Recomendacións. *Ámbito político e de planificación*



Ámbito político e administrativo

1. Garantir a prestación do servizo pola Administración máis cercana á cidadanía.
2. Aumentar a sensibilidade e o consenso político sobre a necesidade de manter os servizos sociais.
3. Garantir unha provisión dos servizos acorde coas necesidades de cada territorio.
4. Fomentar a colaboración e coordinación entre institucións e axentes presentes no territorio para compartir recursos e servizos.
5. Mellorar a coordinación interadministrativa para unha xestión máis eficiente dos recursos dispoñibles.

1. Ter en conta a gran dispersión poboacional á hora de planificar os servizos.
2. Mellorar a axilidade na tramitación e garantir os prazos establecidos de axudas e prestacións sociais.
3. Garantir a participación dos axentes e técnicos locais no deseño de programas e servizos.
4. Realizar diagnósticos sobre as necesidades da poboación e definir as prioridades en función destas necesidades.



Ámbito planificación e seguimento

Recomendacións. Xestión, coordinación e recursos

Criterios xestión



1. Garantir a permanencia dos servizos fronte á temporalidade dos mesmos en función das convocatorias.
2. Garantir a xestión pública directa dos servizos.
3. Mellorar a axilidade de resposta ás demandas da cidadanía.
4. Priorizar os proxectos e servizos para os colectivos máis desfavorecidos.

Criterios de coordinación

1. Mellorar o asesoramento ao persoal técnico para a prestación dos servizos.
2. Definir protocolos de coordinación para as diferentes áreas.
3. Contar cunha rede de información compartida para rendibilizar os recursos existentes.
4. Crear espazos de traballo conxuntos e manter reunións periódicas.



Ámbito recursos



1. Garantir unha dotación económica suficiente.
2. Garantir a estabilidade laboral do persoal técnico.
3. Aumentar o financiamento dos programas e servizos que teñan como finalidade fixar a poboación no territorio.
4. Aumentar os orzamentos para programas destinados a persoas maiores e dependentes.

Recomendacións. Dinamización e difusión, accesibilidade e promoción económico e emprego



Difusión e dinamización social

1. Mellorar a difusión e promoción dos servizos entre a poboación.
2. Promover iniciativas de inclusión activa.
3. Publicitar de maneira positiva e poñer en valor o mundo rural.

Accesibilidade e novas tecnoloxías

1. Mellorar as infraestruturas e equipamentos tecnolóxicos dos territorios.
2. Aproveitar as posibilidades que ofrece as novas tecnoloxías para a prestación e xestión de servizos.



Promoción económica e emprego



1. Potenciar o tecido empresarial local e apoiar a implantación de novas empresas.
2. Adaptar as políticas de emprego ás realidades locais. Adaptar ás necesidades locais os programas de formación.
3. Mellorar o aproveitamento económico dos recursos locais vinculados ao sector forestal e agrogandeiro.
4. Mellorar o acceso da xente nova ao emprego.

Recomendacións. Infancia, xuventude, muller, familia, terceira idade, persoas dependentes e vivenda

Infancia, xuventude, muller e familia



1. Aumentar os servizos de apoio ás familias, incluídas familias monoparentais.
2. Garantir o servizo de educación e apoio familiar.
3. Aumentar ás axudas ás familias para o fomento da natalidade, equiparándoas a outros países da Unión Europea.

Terceira idade e persoas dependentes

1. Aumentar a dotación para os programas de axuda no fogar.
2. Reorientar o servizo de atención a domicilio cunha gama de servizos complementarios máis ampla.



Vivenda



1. Establecer liñas de axudas para facilitar o alugueiro de persoas con dificultades económicas, prestando especial atención ás familias con fillos/as menores e/ou persoas dependentes a cargo.
2. Mellorar o acceso e rehabilitación de vivendas abandonadas.



Moitas grazas pola súa atención

Thanks for your attention



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu futuro"



XUNTA
DE GALICIA